



PLANIFICACIÓN DO AVANCE DUN LIBRO

Nome do libro e escritor: _____

Autor(es) do avance do libro: _____

CHOIVA DE IDEAS DE ILUSTRACIÓNS

1. Fai unha listaxe de persoas, lugares, diferentes cousas que che veñan á mente sobre o libro. Con que palabras describirías o ambiente do libro?

2. Converte as persoas e lugares da túa listaxe en palabras clave que funcionen. Non busques polo nome, atopa unha palabra clave que describa como é a túa persoa ou lugar.

P. ex.: o profesor Dumbledore: vello, barba, mago; Hogwarts: castelo vello.

Precisa ou amplía as túas palabras clave segundo o éxito da busca.

P. ex.: coche vello: unha marca de automóbil determinada; aves exóticas: papagaio, avestruz.



Exercicio 2: Resto de palabras

Despois de buscar as imaxes, quedan palabras na listaxe para as que non se atopou ningunha imaxe. Pensa cinco frases nas que uses esas palabras que sobraron. As palabras illadas tamén funcionan ben como texto dun avance.

MONTAXE DO AVANCE DO LIBRO

Despois de buscar as imaxes e pensar os textos, é hora de montar o avance a partir do material.



MÚSICA DO AVANCE DO LIBRO

Cal é o ambiente do libro? Ateigado de aventuras, triste, con moito suspense, desacougante, acolledor? Fai unha listaxe de palabras que describan o ambiente do libro antes de buscar ou compor a música. Coa música, podes incluso cambiar por completo o ambiente do teu avance e a tonalidade das imaxes que atoparas.

Tarefas elaboradas por: Marjukka Peltonen